

# Programación

Xeral Anual  
24/25

CAPÍTULO I

IES SOFÍA CASANOVA

# CAPITULO I

## Plan anual

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO	MEDIDAS A DESENVOLVER
<p>↳ Obxectivo 1</p> <p>Mellorar a calidade da educación e os niveis de éxito escolar de todo o alumnado</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>↳ Participar no progrma PROA +</li><li>↳ Actualizar o Plan Estratéxico de Mellora</li><li>↳ Implementación de actividades panca que contribúan aos obxectivos marcados nas liñas estratéxicas de actuación dentro do Plan de Mellora</li><li>↳ Favorecer que a oferta educativa do centro sexa ampla e axustada aos intereses do alumnado</li><li>↳ Adecuar a estrutura organizativa (horarios, agrupamentos, espazos), a organización e xestión da aula ás características do alumnado</li></ul>
<p>↳ Obxectivo 2</p> <p>Determinar procedemento comúns de actuación para mellorar a convivencia</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>↳ Creación do Equipo de Benestar e Convivencia</li><li>↳ Elaborar o Plan de Traballo de Benestar e Convivencia</li><li>↳ Impulsar o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial</li><li>↳ Promover a resolución pacífica dos conflitos</li><li>↳ Establecer medidas de prevención do acoso escolar</li><li>↳ Fomentar actividades que favorezan o desenvolvemento integral do alumno</li><li>↳ Mellorar o coidado emocional da comunidade educativa atendendo á inclusión nos procesos de ensinanza e aprendizaxe</li></ul>
<p>↳ Obxectivo 3</p> <p>Fomentar accións para a promoción de estilos e hábitos de vida saudable</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>↳ Actualizar o Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables</li><li>↳ Promover estilos e hábitos de vida saudables,especialmente nos ámbitos da nutrición e alimentación saudables e do deporte contemplando o enfoque de xénero e a equidade para evitar desigualdades na saúde.</li><li>↳ Fortalecer e mellorar os comportamentos saudables dos alumnos, con especial énfase na hixiene e a prevención.</li><li>↳ Afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social dos alumnos.</li></ul>
<p>↳ Obxectivo 4</p> <p>Desenvolver a estratexia dixital do centro</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>↳ Actualizar o Plan Dixital</li><li>↳ Elaborar accións que promovan a Competencia Dixital</li></ul>

<p>↳ Obxectivo 5</p> <p>Mellorar os espazos educativos</p>	<p>↳ Revisar e actualizar o uso dos espazos</p>
<p>↳ Obxectivo 6</p> <p>Continuar co PFPP que colabora no desenvolvemento das liñas prioritarias de traballo no centro.</p>	<p>↳ A dirección colaborará no desenvolvemento do PFPP proporcionando os recursos materiais necesarios, designando os responsables e coordinadores dos diferentes itinerarios e elaborando a concreción do plan para o presente curso.</p> <p>↳ Fomento da participación das familias nas actividades implementadas no plan</p>
<p>↳ Obxectivo 7</p> <p>Promover a organización e realización de actividades que respondan ás necesidades do alumnado</p>	<p>↳ Promover as relacións entre o centro e as institucións da contorna</p> <p>↳ Procurar a realización de Actividades complementarias e extraescolares orientadas á consecución dos obxectivos xerais</p>
<p>↳ Obxectivo 8</p> <p>Participar en programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais.</p> <p>a) PROA +</p> <p>b) Erasmus +</p> <p>c) Plan director</p> <p>d) Seccións bilingües</p> <p>e) Observa_ Acción</p>	<p>↳ Os responsables dos diferentes plans colaborarán co equipo directivo na información, organización e avaliación das actividades asociadas aos plans.</p> <p>↳ A dirección colaborará no desenvolvemento dos programas educativos para o cal levaran a cabo as medidas organizativas necesarias e designarán aos responsables e coordinadores .</p>
<p>↳ Obxectivo 9:</p> <p>Fomentar entre o alumnado o hábito de lectura en distintos formatos, educándoos no uso crítico da información.</p>	<p>↳ Afianzar a organización da biblioteca como centro de recursos a través do equipo de biblioteca.</p> <p>↳ Fomentar a biblioteca como espazo de inclusión, entre o alumnado.</p> <p>↳ Implementar a oferta de actividades de lectura: charlas con escritores e ilustradores, clubs de lectura, roteiros literarios, concursos de poesía e relatos, obradoiro de escritura...</p> <p>↳ Crear itinerarios lectores relacionados con diversas materias.</p>

## **Recursos previstos**

1. O centro para acadar estes obxectivos contará cos recursos educativos, humanos e materiais dos que dispón para ofrecer un ensino de calidade e garantir a igualdade de oportunidades no acceso á educación.
2. Os recursos a maiores provistos polas administracións educativas en razón aos proxectos que así o requiran .
3. O centro poderá obter recursos complementarios, logo de aprobación do Consello Escolar, nos termos que establece a administración educativa, dentro dos límites que a normativa vixente establece.

## **Horario xeral**

### **Horario lectivo**

O centro permanecerá aberto de luns, mércores, xoves e venres desde as 8.00 h ata as 14.30 h e os martes e xoves de 08.00 h ás 18.30 h. As actividades lectivas desenvolveranse nos seguintes intervalos horarios:

- desde as 8.30 h ata as 14.10 h
- desde as 16.30 h ata as 18.10 h

### **Horas e condicións da dispoñibilidade de uso das instalacións para o alumnado**

#### **Horario de biblioteca**

A Biblioteca permanecerá aberta en todo o horario lectivo e segue a ser concibida como un "espazo aberto":

Priorizará os recreos para acceder aos fondos.

Permanecen en horario lectivo os alumnos exentos dalgunha materia.

Nos recreos realízase o **préstamo bibliotecario**.

#### **Horario de cafetería**

A cafetería estará a disposición da comunidade escolar no horario lectivo de todos os niveis educativos ou cando teñan lugar actividades complementarias ou extraescolares programadas.

### **Horas e condicións en que o centro permanecerá aberto para a comunidade escolar fóra do horario lectivo**

Durante os períodos non lectivos a dirección do centro garantirá a presenza de polo menos un membro dos seguintes colectivos: Equipo directivo, persoal de administración, persoal de conserxería e persoal de limpeza. O horario de atención a comunidade escolar será o seguinte:

- Nadal 2024 de 10.00 h a 13.00 h.
- Semana Santa 2025 de 10.00 h a 13.00 h.

#### **Horario de verán**

Durante este tempo a dirección do centro garantirá a presenza de polo menos un membro dos seguintes colectivos: Equipo Directivo, Persoal de administración, persoal de conserxería e persoal de limpeza. O horario de atención a comunidade escolar será o seguinte:

- Xullo 2025 de 09.00 h a 13.00 h.
- Agosto 2025 de 10.00 h a 13.00 h.